

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 29 DE DECEMBRO DO 2022.

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <p>RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Vinte e nove de Decembro do Dous mil vinte e dous, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 22/11/2022.

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202212/366

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 26/12/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "APERTURA E URBANIZACIÓN DO TRAMO FINAL DA RÚA BARBANZA (RIBEIRA)""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202212/367

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 26/12/2022 “Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “ESPAGO DEPORTIVO URBANO NO LUGAR DE FONTÁN (RIBEIRA)””

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202212/380

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 27/12/2022 “Decreto: APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS DE “SENDA PEATONAL EN COROSO””

5.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Patricia Constantino da Silva

Visto o escrito presentado por **Patricia Constantino da Silva**, de data 20/12/2022 (Rexistro de entrada nº 24.453), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda de churros (3 m. x 2 m.), o día 01/01/2023, situado no lugar habitual de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Patricia Constantino da Silva** para a instalación dun posto de venda de churros (3 m. x 2 m.), o día 01/01/2023, situado no lugar habitual de Ribeira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- CESIÓN DE USO TEMPORAL E GRATUÍTA DOS DESPACHOS NÚMEROS 2 E 8 DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE RIBEIRA, Á ASOCIACIÓN AMICOS

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Relacións Institucionais, Turismo, Promoción e Dinamización Económica, Ramón Doval Sampedro, de data 26/12/2022, relativa á cesión de uso temporal e gratuíta dos despachos números 2 e 8 do Viveiro de Empresas de Ribeira, á Asociación AMICOS, no que sinala:

“Visto o escrito presentado por M^ª Esther Vidal Rodríguez, con DNI 76511614K en representación da “Asociación de familias de persoas con discapacidade psíquica” (Asociación Amicos), con CIF G15747678, que tivo entrada neste concello o pasado 21/12/2022, con número de rexistro de entrada 202120873 e no que **SOLICITAN:**

“AMICOS.ORG SOLICITA O USO DOS DESPACHOS NÚMERO 8 E O NÚMERO 2 DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE RIBEIRA SITUADO EN RÚA FAFIÁN S/N PARA LEVAR A CABO SESIÓNS DE ORIENTACIÓN



A PERSOAS DE RIBEIRA PARTICIPANTES DO SERVICIO DE ORIENTACIÓN E ALIANZAS CON PERSOAS NOS SEUS DISTINTOS PROGRAMAS.
SOLICITAMOS O USO CON CARÁCTER ANUAL DENDE O 15/12/2022 ATA O 31/12/2023”.

EXPOÑO:

Neste momento, no Viveiro de Empresas, hai despachos vacantes e non habería problema por cederlle os despachos nº 2 e 8 de forma temporal e gratuíta á “Asociación Amicos” (en diante CESIONARIA); con todo, no momento que se precise o espazo, ben porque unha empresa solicite un despacho no Viveiro de Empresas, ben porque o Concello o precise para uso municipal, darase por rematada a cesión. Bastará cun previo aviso por escrito á CESIONARIA, a cal nun prazo máximo de 15 días naturais deberá deixar vacante o/os despacho/s no mesmo estado no que o/os recibiu.

A este efecto, antes de abandonar o/os despacho/s, a persoa que designe o Concello de Ribeira, practicará unha inspección coa presenza da CESIONARIA, para determinar o estado en que deixa o/os despacho/s e as súas pertenzas e, no seu caso, cuantificar os danos aos que terá que facer fronte a CESIONARIA, cubrindo así o prezo das reparacións.

Se logo de devolver o espazo cedido quedasen nel bens mobles da CESIONARIA, entenderase que esta renuncia á súa propiedade e posesión a favor do Concello de Ribeira, quedando a CESIONARIA ademais, suxeita á obriga de reembolsar a aquel os gastos que este tiver que soportar para deixar o despacho no seu estado orixinario.

A CESIONARIA exime de toda responsabilidade ao Concello de Ribeira, polos danos e lesións que nas cousas ou persoas se causen como consecuencia da ocupación do despacho cedido ou das actividades que neste se desenvolvan.

O Concello de Ribeira non responde dos danos e perdas que se lle poidan ocasionar a CESIONARIA por casos fortuítos e de forza maior.

A CESIONARIA autoriza igualmente á persoa responsable do Viveiro de Empresas do Concello de Ribeira a entrar no despacho para ensinalo a posibles empresas que queiran instalarse no Viveiro.

A CESIONARIA poderá identificar os despachos cos carteis que lle sexan de obrigado cumprimento pola publicidade do programa, poderá poñer un roll up ou similar na entrada do Viveiro para guiar aos usuarios do programa e tamén poderá deixar no mostrador da entrada material informativo e publicitario, pero antes da súa colocación (carteis, roll up e publicidade) deberá ter o visto bo por parte da persoa responsable do Viveiro.

Tal como establece a Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas de Ribeira, a CESIONARIA deberá subscribir unha póliza de responsabilidade civil, que deberá ter vixencia mentres dure a cesión dos despachos e presentala ante o Concello e Ribeira no prazo dun mes dende o inicio da cesión.

A duración máxima que pode ter esta cesión será ata o 31/12/2023.”

Polo exposto, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA aprobar** a cesión dos despachos nº 2 e 8 á “Asociación de familias de persoas con discapacidade psíquica” (Asociación Amicos), coas condicións expostas anteriormente na citada proposta.



7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 15.12.2022:

16720 06.09.2022 JUAN R. GAGO OLVEIRA, ampliación de garaxe, en rúa de Galicia, 19, Palmeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 20.12.2022:

18698 29.09.2022 JOSÉ MANUEL PENA GONZÁLEZ, cambio de ventanas en vivienda situada en Avda. de La Coruña, 129, Ribeira.

19026 04.10.2022 JOSÉ GARCÍA ORELLAN, trasdosado de pedra en entrada y sustitución de cierre en Bretal, 117, Olveira.

18743 29.09.2022 ANDREA QUINTA Y ASOCIADOS S.L., reparación y sustitución de cubierta (parcial), en Couso.

18684 29.09.2022 DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.U., cambio de pavimentos, falso techo y pintura en rúa Rosalía de Castro, 47, Ribeira.

18520 27.09.2022 CASEM CONSULTORIA, S.L., reforma de fachadas, sate, en Mondelo, 33, Palmeira.

18133 22.09.2022 JOSÉ MARIA SUÁREZ GUDE, cambio de ventanas en Paseo de las Carolinas, 4-2ª, Ribeira.

18386 26.09.2022 JOSÉ ZAPATA AC, pintar y sanear paredes en rúa Marcial Adalid, 4, Ribeira.

17038 09.09.2022 CARMEN SANTOS VIDAL, arreglo de linde vecinal, rúa Cordieiro, 16, Ribeira.

18911 03.10.2022 MARIA MERCEDES MOS CAMEAN, limpeza y pintado de casa, en rúa Carballeira, 18, Ribeira.

18465 27.09.2022 COMUNIDAD PROPIETARIOS ALTO DE ABESADAS, tratamiento y pintura de fachada, limpeza de cubierta en rúa Xohana Torres, 2, Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 22.12.2022:

18921 03.10.2022 CANDIDA BETANZOS BETANZOS, pintado exterior de vivienda en rúa do Vilar, 19, Palmeira.

18942 03.10.2022 ANDRES SUÁREZ MARTÍNEZ, almacén hortícola en Martín, 2, Ribeira.

19175 05.10.2022 MANUELA TORRES BERMO, muro de cierre y hueco de ventana, en Deán Pequeño, 38, Ribeira.

19231 06.10.2022 MANUELA NOVO ARES, porche de parrilla, tendedero y comedero, en Bretal, 1.

19250 06.10.2022 ASESORÍA BENY GARCÍA S.L. (URBANIZACIÓN A LADEIRA), mantenimiento y pintado de fachadas, en rúa Pedra do Pino, 11,13,15 y 17, Corrubedo.

19268 06.10.2022 ANDRÉS FRANCISCO SANTOS NÚÑEZ, arreglo, mantenimiento en planta baja y aseo, en rúa Cruceiro de Marcos, 14, Palmeira.

19273 06.10.2022 JOSEFA SUÁREZ MARIÑO, arreglar y pintar fachada en Avda. de Ferrol, 45, Ribeira.

19449 10.10.2022 ISLA SOLAR TECNOLÓGICA S.L., instalación fotovoltaica promovida por María Isabel Prego Pouso, en Gándara, 53.

19385 07.10.2022 MANUEL ANTONIO NÚÑEZ SANTOS, cambio de cubierta y pintado de fachadas, en rúa do Espiño, 6, Palmeira.



8.- LICENZA MUNICIPAL para CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA CONCESIONARIO Y TALLER (PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA). PROMOTORES: KIBU INMUEBLES S.L.U.

VISTA a solicitude presentada pola entidade **KIBU INMUEBLES S.L.U.** de **LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA CONCESIONARIO Y TALLER**, parcela de 3.863,17m² de superficie segundo datos rexistrados, libre de edificación, no Polígono Industrial de Xarás, xunto á estrada AC-550 sen número (no P.Q. 105+920) (**SOLO URBANO INDUSTRIAL-PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA**), **Proxecto básico asinado** por D. Jose Manuel Engroba Cabo Enxñeiro técnico industrial Colexiado nº654 (COITI Lugo), co visado de 2 de agosto de 2022.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes** emitidos polo **arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento con sinatura dixital favorable de día 29 de novembro de 2022, e **secretario xeral da Corporación** de data 29 de novembro de 2022, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas observacións que se realizan na **proposta de acordo** emitida polo secretario xeral da Corporación de data 7 de decembro de 2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **KIBU INMUEBLES S.L.U.**, **LICENZA DE OBRAS (Nº 44/22)** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA CONCESIONARIO Y TALLER**, parcela de 3.863,17m² de superficie segundo datos rexistrados, libre de edificación, no Polígono Industrial de Xarás, xunto á estrada AC-550 sen número (no P.Q. 105+920) (**SOLO URBANO INDUSTRIAL-PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA**), **Proxecto básico asinado** por D. Jose Manuel Engroba Cabo Enxñeiro técnico industrial Colexiado nº654 (COITI Lugo), co visado de 2 de agosto de 2022.

*-Deberá presentar **proxecto de execución** visado polo colexio correspondente no que se recolla información detallada sobre a avaliación ambiental.*

*-En relación á superficie **cedida a dominio e uso público afectada por aliñacións de 205,73 m²**, deberá de completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira municipal **unha fianza de 5.974,40 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.



CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

DÉCIMO.- Para o exercicio da actividade será necesario cumprir co RD 108/2017, do 2 de novembro, polo que se modifica o Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.

9.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Joaquín Gago Fernández

Visto o escrito presentado por **Joaquín Gago Fernández**, de data 08/06/2022 (Registro de entrada nº 10.679), no que solicita certificación urbanística da finca situada en Rúa Falcoeiro esquina Rúa Forcadiña (Aguíño), con referencia catastral 8788402MH9088N0001SW.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 13/06/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



Se solicita certificación do terreno cedido a dominio e uso público unha vez retranqueado o peche de finca arriba referenciado. Se aporta certificación do Arquivo do Reino de Galicia no que a finca (1628 a e b do polígono 22 de Ribeira), no ano 1958, tiña unha superficie de 514 m². No catastro actual a finca ten 317 m². Se presenta medición aportada polo solicitante na que a superficie actual son 290 m².

Según a medición aportada, a superficie cedida a dominio e uso público no proceso histórico arroxa unha superficie de 224 m².

10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Anxo Manuel García Crujeiras

Visto o escrito presentado por **Anxo Manuel García Crujeiras**, de data 19/12/2022 (Registro de entrada nº 24.306), no que solicita certificación urbanística da finca situada en Rúa da Iglesia (Castiñeiras), con referencia catastral 15074A019010680000KT.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 19/12/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Se solicita coñecer si o camiño situado ao Norleste é público ou privado.

Non se aporta ningún tipo de escritura de propiedade.

Se consultan catastros históricos, actual e Inventario de Bens Municipais. No histórico non aparece reflectido o camiño. No actual aparece como un vial entre as fincas números 1068 e 1044. No Inventario de Bens Municipais non consta nos planos de vías públicas.

Á vista do exposto, non se pode afirmar que sea vía pública podendo ser un servizo ou servidume de paso.

11.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Isabel Gómez Martínez

Visto o escrito presentado por **Isabel Gómez Martínez**, de data 108/06/2022 (Registro de entrada nº 3.205), no que solicita información urbanística da finca situada en lugar Sabartán, nº 26 (Carreira), con referencia catastral 15074A022010530000KS.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 15/12/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral que está clasificada como **SUELO URBANO RESIDENCIAL EXTENSIVO UNIFAMILIAR AISLADO Tipo A**, con las siguientes determinaciones:

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito



Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: Tipo A: 500 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A: 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres



realizados con pedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María del Mar Jorge Paíno

Visto o escrito presentado por **María del Mar Jorge Paíno**, de data 02/11/2022 (Registro de entrada nº 21.012), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 3937404MH9133N0051AY sita na Rúa das Pitas nº 39, 1º-F, Corrubedo, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 18/11/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 3937404MH9133N0051AY sita na Rúa das Pitas nº 39, 1º-F, Corrubedo, Ribeira.

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Lara María Pérez Pérez

Visto o escrito presentado por **Lara María Pérez Pérez**, de data 07/12/2022 (Registro de entrada nº 23.628), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita en parcela con refª catastral nº 15074A019014750001LS na Rúa da Chouza nº 1, Castiñeiras, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/12/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita en parcela con refª catastral nº 15074A019014750001LS, na Rúa da Chouza nº 1, Castiñeiras, Ribeira.

14.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN -Marcos Fernández Sampedro

VISTA a solicitude de **licenza de primeira ocupación** para **VIVENDA UNIFAMILIAR**, construída ao amparo da **licenza de obra nº 14/19 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 17 de abril de 2019)**, da que é promotor **MARCOS FERNÁNDEZ SAMPEDRO**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico favorable** emitido pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira con data **19 de decembro de 2022** tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación así como en relación á devolución do aval, o informe emitido con data **19 de decembro de 2022** polo **técnico de administración xeral adscrito ó departamento municipal de Urbanismo** e o informe de data **19 de decembro de 2022** emitido polo **secretario xeral da Corporación**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D.Marcos Fernández Sampedro LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar reformada e ampliada ao amparo da **licenza de obra nº 14/19**, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 17 de abril de 2019, sita en parcela con refª catastral nº 15074A921001660000UJ na Rúa Redonda Vella nº 6, Areeiros, Castiñeiras, Ribeira, nos termos da **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 6 de xuño de 2022, asinados polo arquitecto D. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451) e polo arquitecto



técnico D. José M. Nieto Olveira (col. nº 1.049), **Memoria de Estado Definitivo** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 12 de maio de 2022, **Acta de Recepción de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 6 de xuño de 2022, **Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Certificado de Instalación de Electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado polo xefe de servizo D. Guzmán Palacios Rosete o día 14 de decembro de 2022.

SEGUNDO.- Proceder á **DEVOLUCIÓN DA FIANZA** con importe de 2.040,62 € depositada en relación á licenza de obra nº 14/19 en base ao disposto pola enxeñeira municipal.

TERCEIRO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

15.- AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN -CURSO 2022/2023

Visto o informe presentado pola **Comisión de Valoración de Axudas á Escolarización 2022-2023**, coa relación de gastos e listado definitivo de beneficiarios das axudas á escolarización para o vindeiro curso 2022-2023, de data 26/12/2022, que consta no expediente.

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado definitivo de beneficiarios das axudas á para o vindeiro curso 2022-2023, según o contido do citado informe, dando traslado aos servizos económicos municipais para proceder ao seu abono.



16.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS. EJERCICIO 2022.

Vista a **Acta da reunión da Comisión Avaliadora das Subvencións a Clubs Deportivos do ano 2022**, de data 26/12/2022, na que se propón os beneficiarios do reparto das subvencións para a promoción de actividades deportivas. Exercicio 2022.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/12/2022.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Aprobar a concesión das subvencións a clubs deportivos do ano 2022 conforme a seguinte relación:

	SUBVENCIÓN 2022
CIDADE DE RIBEIRA	20.000
CLUB NATURAL SPORT	15.000
CLUB DE REMO NÁUTICO RIVEIRA	15.000
S.D. XUVENTÚ AGUIÑO	15.000
CLUB NATACIÓN RIVEIRA	10.850
CLUB ATLETICO OLEIROS	8.916
CARREIRA CLUB DE FUTBOL	8.575
CLUB NAUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA	8.209
CLUB KEMPO BARBANZA	8.087
ESCUELA BOXEO EL CANARIO	6.285
CLUB VOLEIBOL RIVEIRA	6.090
CLUB PATINAXE RIVEIRA	4.969
CLUB PADEL RIVEIRA	3.337
CLUB KENPO RIVEIRA	2.850
CLUB ATLETISMO RIVEIRA	2.655
CLUB BALONCESTO BARBANZA	2.500
CLUB DEPORTIVO AS MIÑOTEIRAS FS	2.436
CLUB BALONCESTO RIVEIRA	2.119
CLUB DEPORTIVO ARTES	2.079
CLUB PALMEIRA	1.997
AMPA O GRUPO	1.900
CLUB WINDSURF CATRO VENTOS	682
PEÑA CICLISTA TAHUME	463

- b) O prazo de xustificación será do 01 a 31 de xaneiro de 2023



17.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría**, de data 20/12/2022, na que solicita a aprobación dun **“Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Universidade de Santiago de Compostela”**, co obxectivo do mantemento dunha sede do Programa Universitario de maiores, IV Ciclo.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 21/12/2022.

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do **“Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Universidade de Santiago de Compostela”**, co obxectivo do mantemento dunha sede do Programa Universitario de maiores, IV Ciclo; comprometéndose o Concello de Ribeira a abonar á **Universidade de Santiago de Compostela** a cantidade de 11.669,88 € en concepto de subvención.

18.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DEL POLÍGONO 8

En relación co expediente de aprobación do Plan Especial de Reforma Interior del Polígono 8 que se está tramitando neste Concello, e con base aos seguintes,

I ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro:-Providencia de Alcaldía de data **13 de novembro de 2020**.

